

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de DECEMBRO de 2014**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria extraordinaria que terá lugar o martes, 30 de decembro de 2014, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

1.-Resolución da reclamación presentada por Emilio Mesías Farías, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ares, contra a aprobación inicial do Orzamento xeral para o exercicio 2015.

2.-Resolución das reclamacións presentadas e aprobación definitiva do Orzamento xeral para o exercicio 2015 e as bases para a súa execución.

3.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar a “Adquisición do soar e instalación do recinto feiral de Ferrol en Punta Arnela”.

4.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2014, sexta fase.

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para o financiamento das obras de “Adecuación de praza pública de Canduas (2ª fase) e implantación de hórreo no soar”.

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Camariñas para o financiamento das obras de “Pavimentación e saneamento na rúa Fornelle de Camelle”.

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Teo para o financiamento das obras de “Reforzo do pavimento en Cacheiras, Calo, Luou e outros”.

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cariño para o financiamento das obras de “Rehabilitación de beirarrúas na rúa Landín Carrasco”.

9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para financiar o programa de cursos, exposicións e visitas do ano 2014.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE DECEMBRO DE 2014

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de decembro de 2014, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **extraordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO	BNG
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSE DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍEL PADIN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Escúsase o Sr. López Crespo.

O Sr. Calvelo Martínez entra comezada a sesión no punto número tres.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e trinta minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR EMILIO MESÍAS FARÍAS, VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE ARES, CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2015.

INTERVENCÍONS

Sr. Soto Vivero

Bo día. Nós estamos totalmente de acordo coa solicitude, coa reclamación ou alegación presentada polo voceiro do noso Grupo municipal no Concello de Ares, mais tamén vemos con bos ollos o recollido no punto número dous da proposta da Presidencia que imos votar proximamente.

Vémola con bos ollos, pero veríamos con mellores ollos incluso se esa proposta se pode concretar máis nesta sesión plenaria no día de hoxe, e se a Presidencia asume o compromiso político de realmente levar a cabo o sinalado nese punto número dous con anterioridade ao mes de maio, nós gustosamente votaríamos favorablemente esa proposta. Se non é dese xeito, non poderemos votar favorablemente.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Nosoutros imos votar a favor da desestimación desta alegación. Efectivamente, a estrada que dá lugar a esta alegación é unha estrada que vén xa de hai anos, que durante este mandato corporativo discutimos varias veces neste Pleno da estrada de Ares a Chanteiro, e foi obxecto dun acordo unánime por parte deste Pleno hai uns meses que se acordou por unanimidade que no exercicio do ano 2015, nos orzamentos do ano 2015, se prevé a licitación deste proxecto para facer realidade esta estrada de Ares a Chanteiro.

Imos votar que si á proposta porque ten dous puntos. O primeiro punto, como dicía o Sr. portavoz do Bloque Nacionalista Galego desestima as alegacións, non pode ser doutra forma porque as alegacións ao orzamento están taxadas, non se pode reclamar sobre calquera cousa, a lei fixa cales son os motivos polos que se pode presentar unha alegación ao orzamento, que creo que son, efectivamente, que haxa un equilibrio orzamentario, que os gastos sexan iguais que os ingresos, que se tramite segundo prevé a lexislación, e que conteña todos os créditos que sexan precisos e necesarios para atender as obrigas legalmente asumidas pola Deputación. Efectivamente, neste caso non hai unha obriga legal, pero si hai un compromiso, que foi aprobado por unanimidade por todos os membros deste Pleno corporativo.

E no punto número dous di a proposta da resolución “Que se leven a cabo durante o exercicio 2015 as actuacións necesarias para obter os terreos que requira a execución da obra, e para a licitación e adxudicación do proxecto de ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria na estrada provincial 0402 Ares a Chanteiro, fase 1, cun orzamento de execución por contrata de 1.212.735,62 euros, con cargo ás dotacións orzamentarias dispostas no orzamento do exercicio 2015”. Entendo que aquí estamos adoptando un acordo que di que, aproveitando os créditos que existen no orzamento do ano 2015, se acometa a licitación e a expropiación deste proxecto. Polo tanto, desde o Grupo socialista, que reclamamos e que no anterior goberno ou no anterior mandato provincial foi cando se decidiu facer esta estrada, entendemos dende o Grupo Socialista que ese acordo que adoptamos por unanimidade hai escasos meses nesta cámara, queda recollido neste punto número dous, por iso imos votar favorablemente a resolución que se nos propón.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, bos días a todos e todas. Simplemente, case reiterar as palabras do Sr. Moreda, é dicir, a reclamación ou impugnación aos orzamentos non ten encaixe legal entre as causas que taxativamente recolle a lei, pero si que había un compromiso político que quizais quen neste caso impugna o orzamento podía ver non cumprido. Ese compromiso político era facer esa obra que vostede dicía e, polo tanto, creo que ese compromiso de toda esta Corporación asumido en Pleno lévase a cabo con ese punto dous, no cal durante este exercicio 2015 vanse levar a cabo as actuacións necesarias para obter os terreos, é dicir, todo o que supón a súa expropiación, e que á parte, o que deixamos ben claro é que existe unha dotación orzamentaria que fai posible levalo a cabo. Polo tanto, hai cumprimento estrito da lei no que se refire á aprobación do orzamento, pero á vez tamén hai un cumprimento do que son os compromisos políticos que adquire esta Corporación en Pleno e que se trasladan a ese acordo que hoxe imos levar adiante no punto número dous. Máis nada, Sr. Presidente.

Sr. Soto Vivero

Reincidir no exposto anteriormente e sen entrar a valorar as cuestións xurídicas ou legais, senón basicamente ao que facemos referencia aquí é ao espírito da reclamación, ao espírito, a ese compromiso político que vostedes están manifestando aquí e nós o que solicitamos é que se manifeste aquí expresamente desde a Presidencia que ese compromiso político se vai cumprir dende antes do mes de maio porque, como todos sabemos, este ano é un ano específico de procesos electorais, concretamente tamén un ano de procesos electorais nos concellos, con todo o que iso significa. Entón, basicamente a nosa proposta vai nese sentido, temos a competencia para facelo, temos partida orzamentaria para facelo e só falta que desde Presidencia se manifeste ese compromiso político para iniciar as actuacións ás que fan referencia no punto número dous con anterioridade ao mes de maio, simplemente. Se ese compromiso se manifesta aquí expresamente, nós votaremos gustosamente a proposta, senón non imos votar favorablemente.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do Orzamento provincial do exercicio 2015 e das Bases para a súa execución presentouse a reclamación que se indica:

- Reclamación suscrita por D. Emilio Mesías Farías, portavoz do Grupo Municipal do BNG de Ares.

A continuación analízase a reclamación presentada:

1).- ANTECEDENTES:

O 23 de decembro de 2014 preséntase un escrito, suscrito por D. Emilio Mesías Farías, portavoz do Grupo Municipal do BNG de Ares.

A documentación que integra o expediente do Orzamento xeral do exercicio 2015 foi sometida a ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas na sesión ordinaria que levou a cabo o 24 de novembro de 2014.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2014.

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229, do 28 de novembro de 2014 expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

O 23 de decembro de 2014 tivo entrada no rexistro xeral da Deputación o escrito referido no punto anterior suscrito por D. Emilio Mesías Farías.

En relación co escrito presentado emitíronse os informes que a continuación se indican:

- Informes da área de Acción Territorial, do 23 de decembro de 2014.
- Informes da Intervención Provincial, do 23 de decembro de 2014.

2).- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto-lexislativo 2/2004, do 5

de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o Orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites dispostos nesta lei.
- b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean dispostos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

- a) A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites dispostos nas normas orzamentarias de aplicación.
- b) No orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigacións legalmente esixibles á entidade local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do anexo de persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.
- c) O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están dispostos.

SEGUNDO: Pola súa banda, a Lei xeral orzamentaria (aplicable supletoriamente en virtude do disposto no artigo 149.3 da Constitución española) sinala que as obrigacións da Facenda Pública estatal nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito, as xeren e o TRLHL pola súa banda establece que as obrigacións de pago só serán esixibles cando resulten da execución do orzamento ou de sentenza xudicial firme.

TERCEIRO: No informe da área de Acción Territorial que figura no expediente ponse de manifesto, entre outras, as seguintes consideracións relevantes:

-No orzamento inicialmente aprobado para o exercicio 2015 recóllense dotacións para expropiacións e para investimentos en estradas provinciais por uns importes de 400.000 euros e 1.863.697,36 euros, respectivamente.

-En consecuencia, poden levar a cabo as actuacións necesarias para obter os terreos requiridos para a "Ampliación e mellora do trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro, Fase I", así como, se se considerase oportuno, a licitación, no seu caso, da primeira fase das obras de referencia.

3).- PROPOSTA DE ACORDO.

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o Orzamento do exercicio 2015 e as súas Bases de execución suporía pospor a execución dos

investimentos e transferencias de capital dispostas nel, o que afectaría os intereses xerais que se pretenden atender. Por outra banda, o 1 de xaneiro de 2015 entra en vigor a nova estrutura orzamentaria aprobada pola Orde EHA/419/2014, do 14 de marzo, o que require da entrada en vigor nesa data do Orzamento provincial adaptado á nova estrutura, para evitar as consecuencias asociadas a un Orzamento prorrogado necesitado da devandita adaptación.

Despois dun estudo exhaustivo da reclamación presentada e vistos os informes emitidos propónse ás señoras e señores deputados integrantes da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas que ditaminen favorablemente e aos integrantes do Pleno provincial que aproben as seguintes propostas:

- 1) Desestimar as alegacións contidas no escrito suscrito por D. Emilio Mesías Farías, portavoz do Grupo Municipal do BNG de Ares e, en consecuencia, aprobar definitivamente o Orzamento provincial para o exercicio 2015 e as Bases para a súa execución.
- 2) Que leven a cabo durante o exercicio 2015 as actuacións necesarias para obter os terreos que require a execución da obra e para a licitación e adxudicación do proxecto de “Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na D.P. 0402 Ares-Chanteiro. Fase I”, cun orzamento de execución por contrata de 1.212.735,62 €, con cargo ás dotacións orzamentarias dispostas no orzamento do exercicio 2015.
- 3) Dispor a publicación do resumo por capítulos do Orzamento provincial para o exercicio 2015 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme o establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- 4) Remitir copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do dispostos nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas entidades locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do Orzamento provincial do exercicio 2015 e das Bases para a súa execución poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.”

2.-RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2015 E AS BASES PARA A SÚA EXECUCIÓN.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“Durante o período de exposición pública do acordo de aprobación inicial do Orzamento provincial do exercicio 2015 e das bases para a súa execución preséntase a reclamación que se indica:

- Reclamación suscrita por D. Alberto Cadaveira Mahía con D.N.I.32.807.253, secretario da Sección sindical da CIG na Deputación Provincial da Coruña, como representante desta organización sindical na Mesa xeral de negociación dos empregados públicos da Deputación Provincial da Coruña.

A continuación analízase a reclamación presentada:

1).- ANTECEDENTES:

O 18 de decembro de 2014 preséntase un escrito, suscrito por D. Alberto Cadaveira Mahía con D.N.I.32.807.253, secretario da Sección sindical da CIG na Deputación Provincial da Coruña, como representante desta organización sindical na Mesa xeral de negociación dos empregados públicos da Deputación Provincial da Coruña.

As propostas da área de Persoal e Organización para o exercicio 2015 foron consideradas na Mesa de negociación que tivo lugar o día 24 de novembro de 2014.

A documentación que integra o expediente do Orzamento xeral do exercicio 2015 foi sometida ao ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de contas na sesión ordinaria que levou a cabo o 24 de novembro de 2014.

Posteriormente, o devandito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2014.

A través do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 229, do 28 de novembro de 2014 expúxose ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

O 18 de decembro de 2014 presentouse o escrito referido no punto anterior suscrito polo representante da Confederación Intersindical Galega.

En relación co escrito presentado emitíronse os informes que a continuación se indican:

- Informes da área de Persoal e Organización, do 22 de decembro de 2014.
- Informes da Intervención provincial, do 22 de decembro de 2014.

2).- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: De acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto-lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o Orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites dispostos nesta lei.
- b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigacións esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou deste respecto das necesidades para as que estean dispostos.

Pois ben, ningunha das circunstancias expresadas se dá no expediente tramitado:

- a) A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e leváronse a cabo todos os trámites dispostos nas normas orzamentarias de aplicación.
- b) No orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigacións legalmente esixibles á entidade local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo. Tal circunstancia acredítase particularmente no que respecta aos gastos de persoal (electos, funcionarios, laboral ou eventual) a través do anexo de persoal que forma parte da documentación que integra o expediente orzamentario.
- c) O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, por tanto pónse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para as que están dispostos.

SEGUNDO: No informe da área de Persoal e Organización que figura no expediente pónse de manifesto, entre outras, as seguintes consideracións relevantes:

-No orzamento do exercicio 2015 recóllense dotacións para as achegas a plans de pensións moi superiores ás do exercicio 2014 e responden aos acordos adoptados na Mesa de negociación dos representantes sindicais.

-As Bases de execución orzamentaria disposta para o exercicio 2015 permiten, ademais, incrementar as achegas iniciais en termos e condicións análogos aos contemplados no exercicio 2014. Conclúe o informe citado "...entendendo que non

existe, por tanto, obrigación legal (...) nin compromiso legalmente asumido por parte dos órganos competentes da Deputación” para recoller no orzamento unha achega superior á consignada.

3).- PROPOSTA DE ACORDO.

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o Orzamento do exercicio 2015 e as súas Bases de Execución suporía pospor a execución dos investimentos e transferencias de capital dispostas nel, o que afectaría os intereses xerais que se pretenden atender. Por outra banda, o 1 de xaneiro de 2015 entra en vigor a nova estrutura orzamentaria aprobada pola Orde EHA/419/2014, do 14 de marzo, o que require da entrada en vigor nesa data do Orzamento provincial adaptado á nova estrutura, para evitar as consecuencias asociadas a un Orzamento prorrogado necesitado da devandita adaptación.

Despois dun estudo exhaustivo da reclamación presentada e vistos os informes emitidos propónse ás señoras e señores deputados integrantes da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas que ditaminen favorablemente e aos integrantes do Pleno provincial que aproben as seguintes propostas:

- 1) Desestimar as alegacións contidas no escrito suscrito por D. Alberto Cadaveira Mahía con D.N.I.32.807.253, secretario da Sección sindical da CIG na Deputación Provincial da Coruña, como representante desta organización sindical na Mesa xeral de negociación dos empregados públicos da Deputación Provincial da Coruña.
- 2) Aprobar definitivamente o Orzamento provincial para o exercicio 2015 e as Bases para a súa execución.
- 3) Dispor a publicación do resumo por capítulos do Orzamento provincial para o exercicio 2015 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme o establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- 4) Remitir copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/190, do 20 de abril e nos artigos 169.34 e 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do Orzamento provincial do exercicio 2015 e das bases para a súa execución poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.”

3.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL PARA FINANCIAR A “ADQUISICIÓN DO SOAR E INSTALACIÓN DO RECINTO FEIRAL DE FERROL EN PUNTA ARNELA”.

INTERVENCIONS

Sr. Soto Vivero

A situación do recinto feiral de FIMO na cidade de Ferrol eu penso que é de todos coñecida, é unha situación que acada uns estándares no día a día problemáticos, problemas laborais, problemas tamén na xestión. FIMO foi nos últimos anos exposta a unha situación, nós pensamos que dun certo abandono por parte dos entes que o xestionaban, por parte do ente que o xestionaba, un ente que estaba conformado nun 45% participado polo Concello de Ferrol, nun 55% pola Cámara de Comercio e con continuos déficits nas contas de resultados nos últimos anos, con case un millón e medio de perdas nesas contas de resultados a finais do 2011, e unha xestión que nunca se fixo axustada a principios de equilibrio orzamentario nin sostibilidade financeira e que nunca tampouco se chegou a executar un plan de viabilidade económica-financieira acaído para incidir en todo iso que estou comentando e para realmente levar a cabo unha xestión máis eficiente dende o punto de vista económico da entidade.

(Entra no salón o Sr. Calvelo Martínez)

Nós pensamos que non existe realmente un proxecto para esa entidade e para esas instalacións, a memoria da Alcaldía que acompaña ao expediente é bastante abstracta, non concreta realmente a que van ser dedicadas esas instalacións, e sobre todo como se vai xestionar no día de mañá esas instalacións, e realmente nós cremos que o Concello de Ferrol ten un problema bastante gordo en relación a FIMO, e unha vez máis está aquí a Deputación para axudarlle a sacar un morto de enriba. Entón, nós somos totalmente favorables a que cada administración local dentro das súas competencias asuma os acordos que queira asumir, de feito penso que o tema da compra desta instalación no Concello de Ferrol acadou unha maioría máis ben ampla, penso que só dúas abstencións, pero iso non significa que nós teñamos que estar de acordo con que sexa a Deputación provincial quen teña que financiar gran parte ou unha parte importante da compra desa instalación. Polo tanto, nós, baseándonos nesas consideracións e baseándonos tamén que se volve a instrumentalizar de novo a Deputación da Coruña para sacar dun problema bastante gordo novamente ao Concello de Ferrol, cremos que non é a fórmula máis axeitada.

Seguramente hai fórmulas que se poidan estudar mellores para o futuro de FIMO, penso que tampouco é este o foro onde temos que debatelas, pero eu penso que antes de chegar ao momento actual, a asumir unha compra, e a asumir que esta Deputación teña que poñer estas cantidades orzamentarias tan importantes para este

fin, penso que antes diso hai que estudar alternativas distintas. Entón, nós non imos votar favorablemente a este convenio.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Efectivamente, como dicía o Sr. voceiro do BNG, esta entidade, a Feira Internacional de Mostras do Noroeste, FIMO, é unha entidade de titularidade, creo que pública, e compartida a propiedade polo Concello e pola Cámara de Comercio. É unha entidade que ten un déficit estrutural, sempre nos últimos anos, dende hai bastantes anos, os gastos eran moito maiores que os ingresos. Un dos propietarios, unha das partes propietarias, a Cámara de Comercio, me parece que está en proceso de liquidación, creo, entón o Concello vese cun problema, vese cun problema porque hai dous créditos hipotecarios, coa antiga Caixanova, agora son de ABANCA, creo que por un importe, estou falando de memoria, por un importe de un millón e medio de euros, e ABANCA, pediu a execución desa hipoteca, claro, iso significa que esas instalacións, esa propiedade, pode caer en mans de non se sabe quen. O Concello de Ferrol decide, con bo criterio, ao noso xuízo, facerse cargo das instalacións porque non pode perdelas, e pídelle á Deputación que os créditos, a Deputación está financiando creo que a FIMO dende que se creou, dende o primeiro ano, todos os anos, e pídelle á Deputación que os créditos que tiña no ano 2014 para a Feira Internacional de Ferrol, llos dea para axudar ao Concello de Ferrol a adquirir estes terreos e estas instalacións, co cal o que estamos facendo é unha subvención prevista no orzamento do ano 2014, e no do 13, do 11, do 10, do 08, do 07, do 03, do 99, prevista para a Feira Internacional, se cambie a finalidade e se lle dea ao Concello de Ferrol.

Creo que ABANCA está disposta a chegar a un acordo co Concello de Ferrol por 900.000 euros, cunha quita importante, porque creo que o principal das dúas hipotecas era dun millón e medio de euros, e o que estamos facendo con este crédito é achegando o trinta e algo, trinta e tres por cento máis ou menos, de novecentos e pico mil euros, trescentos sesenta e seis son os que dá a Deputación para que o Concello de Ferrol poida facerse cargo destas instalacións. Logo, efectivamente, o Concello de Ferrol terá que decidir se o vai xestionar directamente, dunha forma directa ou dunha forma indirecta, é unha cuestión que terá que tomar o Concello de Ferrol, pero creo que non é mala idea que a Deputación axude neste caso ao concello a facerse cargo destas instalacións, e outra cousa é o futuro. Non sabemos se vai haber unha xestión directa ou se vai a dar a un empresario que a xestione pola súa conta e risco, pero diso xa se falará na próxima Corporación nos orzamentos do ano 2015.

Polo tanto, nosoutros imos votar que si porque entendemos que é unha partida orzamentaria que estaba destinada para financiar a FIMO, que se cambia a finalidade para axudar ao Concello de Ferrol a facerse cargo das instalacións. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Moi ben, pois a verdade é que o explicou moi ben o voceiro do Partido Socialista, aquí non se está dando unha nova subvención, se non que se trata de cambiar a finalidade da que xa existía dende hai moitísimos anos, incluído cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego nesta Deputación, e o Sr. Villamar

establecía esa serie de subvencións nominativas para o funcionamento das actividades que facía FIMO, vostede deberíao de saber.

De todos os xeitos o que hai é unha subhasta no xulgado deses terreos, polo tanto, a Corporación de Ferrol, como calquera outra corporación, pode decidir, pode non facer nada e deixar que calquera persoa se presente e adquira eses terreos, onde ademais se investiron ao longo da historia importantes recursos públicos, ou pode adquirir eses terreos. Pois eu creo que se fixo unha boa operación porque aínda por riba conseguíuse unha quita do trinta e pico por cento da débeda, máis de 500.000 euros, que non é pouco nestes tempos cunha entidade financeira. Dito isto, é un dos acordos que se tomaron na historia do Concello de Ferrol con máis votos a favor, fíxese vostede que ata Izquierda Unida votou a favor, votou a favor o Partido Socialista, votou o Partido Popular, e foron dous edís do Bloque Nacionalista Galego, aos cales vostede coñece ben, os que non o votaron a favor.

Non se falou da xestión, pero supoño que da xestión falaremos máis adiante e como aplican outros concellos do Bloque, que vostede tamén coñece ben, aplican xestión indirecta, como o seu, entón diso supoño que, como di o portavoz do Grupo Socialista, falaremos nos seguintes Plenos. Iso é do que se trataba o convenio que hoxe traíamos para aprobación.

Pasamos á votación. Isto é un posicionamento do punto, non hai máis, xa explicou o que quería e xa está listo, xa expresou a súa posición claramente. Son todas verdade, si, si, pode vostede replicar cando queira e onde queira. Mire, aquí hai unha intervención que vostede defendeu a súa posición, Sr. Soto, alégrome moito que a defenda, e ten vostede todo o tempo do mundo para defendela, así que pasamos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e os votos en contra do BNG, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4.º- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Coruña e o CONCELLO DE FERROL CIF P1503700E para o financiamento da adquisición da soar e instalacións do recinto feiral de Ferrol en Punta Arnela

5.º- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 366.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 37,888%

6.º- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431A/76201 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación .

7.º- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FERROL, PARA O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DA FINCA E INSTALACIÓNS DO RECINTO FEIRAL DE FERROL EN PUNTA ARNELA

A Coruña, de decembro de 2014

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUOSO, presidente da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

E doutra parte, D. JOSÉ MANUEL REY VARELA, alcalde-presidente do EXCMO CONCELLO DE FERROL.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Concello de Ferrol é una entidade local que promoveu, xunto coa Cámara de Comercio Industria e Navegación de Ferrol a creación do Consorcio Pro Ferias y Exposiciones de Ferrol que xestiona o recinto feiral de Ferrol en Punta Arnela e que, segundo a normativa de réxime local e os seus estatutos ten una finalidade de promover todo tipo de eventos de carácter feiral.

A Deputación provincial e máis o Concello de Ferrol consideran de grande interese para a provincia promocionar e fomentar a actividade económica a través da celebración de feiras dedicadas á innovación e promoción do comercio tradicional e

urbano así como a promocionar o turismo a industria e calquera outra competencia que directa ou indirectamente redunde en beneficio dos intereses da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a promoción da actividade económica no ámbito de Ferrol e da súa comarca, e co afán de axudar e mellorar o desenvolvemento económico da provincia da Coruña,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio co seguinte teor literal:

“I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para garantir o FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DO SOAR E INSTALACIÓNS DO RECINTO FEIRAL DE FERROL EN PUNTA ARNELA.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello de Ferrol levará a cabo as actuacións necesarias para tramitar a adquisición do soar e instalación do Recinto Feiral de Ferrol situado en Punta Arnela, que actualmente son propiedade do Consorcio Pro Ferias y Exposiciones de Ferrol.

O prezo de adquisición (orzamento subvencionado) ascende a 966.000,00 €.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENIAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da adquisición do soar e instalacións, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 366.000,00 €, o que representa un coeficiente de financiamento do 37,888 % do importe total de adquisición.

2. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

3. O compromiso farase efectivo con cargo a partida orzamentaria 0510/431A/76201 onde existe crédito suficiente e adecuado para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

As xestións necesarias para a completa adquisición da finca e instalación previas no presente convenio corresponderalle ao Concello de Ferrol, así como o procedemento que se ha seguir para a adquisición do soar e instalacións compételle ao Concello de

Ferrol, con suxeición ao previsto no Texto refundido da lei de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquirido o ben, a ENTIDAE BENEFICIARIA deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ferrol unha vez que se acredite a adquisición do ben inmovible e se presente a seguinte documentación, en orixinal ou copia compulsada:
 - Certificación da Secretaría do Concello acreditativa do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, adoptado polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
 - Descrición física e xurídica do ben.
 - Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles.
 - Valoración pericial
